



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 6 DE MARZO DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución de Alcaldía nº 125/2026 do 27 de febreiro)

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 6 de marzo de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 20.02.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 20.02.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA ACTIVIDADE A NOME DE
PARA REFORMA INTERIOR E CAMBIO DE USO DE EDIFICIO DE
VIVENDAS PARA PENSIÓN E CAFETERÍA EN PLANTA BAIXA EN
EXPEDIENTE: 2024/U022/000026**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03-03-2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 06-03-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente:

2024/U022/000026

Asunto:

Licenza de Edificación para actividade a nome de
para reforma interior e cambio de uso de edificio de



vivendas para pensión e cafetería en planta baixa en

Interesado/a:

Situación:

Referencia catastral:

Procedemento:

Licenza de edificación para actividade

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	PROYECTO BÁSICO REFUNDIDO REFORMA INTERIOR Y CAMBIO DE USO DE EDIFICIO DE VIVIENDAS PARA PENSIÓN Y CAFETERÍA EN PLANTA BAJA
Data documento	17/10/2025 (Sinatura dixital)
Redactor/a	Ignacio José Pita Graña
Data incorporación expediente	27/11/2025

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	11/02/2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	02/03/2026

1.1 CONSIDERACIONES URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial de edificación entre medianeiras
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza solo urbano residencial de edificación entre medianeiras Grado 1 URME 1
Finalidade da actuación	Renovación interior e cambio de uso dun edificio residencial a unha casa de hóspedes (pensión) e cafetería na planta baixa
Uso ó que se destinará	Residencial hoteleiro 1ª categoría Hostaleiro 1ª categoría.
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitálas
Redactor/a	Ignacio José Pita Graña Arquitecto COAG 4266
Dirección da obra	Ignacio José Pita Graña Arquitecto COAG 4266
Dirección de execución da obra	Juan Filgueiras Peña Arquitecto técnico COATAC 1514
Coordinación de seguridade e saúde	Juan Filgueiras Peña Arquitecto técnico COATAC 1514
Orzamento de execución material	565.233,86 €
Altura, volumes e ocupación de parcela	



permitidos:

▪ Altura cornixa:	Existente
▪ Volume:	2.861,38 m ³
▪ Superficie construída:	596,74 m ² (pensión) 94,58 m ² (cafetería)
▪ Ocupación:	Existente
Datos da actividade	Pensión Descrición da actividade: Pensión nas plantas 1 a 4, con acceso e escaleira na planta baixa. Código CNAE: 5590 – Outros aloxamentos Código IAE: 682 – Aloxamento en albergues e pensións
	Cafetería Descrición da actividade: Cafetería na planta baixa, con acceso independente desde o edificio e a pensión. Código CNAE: 56.1 – Restaurantes e postos de comida Código IAE: 672.3 – Cafeterías dunha soa cunca

1.1.1 Condicións particulares:

Licenza con eficacia diferida

A documentación achegada e completa correspondente ao proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar as obras de construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución.

Documentación final da actuación

Finalizadas as obras deberá presentar:

- Certificado final: Rematada a actuación aportarase certificado final de persoa técnica competente en que conste que a/s actuación/s están completamente rematada/se se axustan ao título outorgado
- Xestión de residuos: Acreditación de ter realizado a xestión de residuos.

Documentación da actividade

Con carácter previo ao inicio de actividade e unha vez terminada a obra, presentarase a comunicación previa para inicio de actividade, coa documentación necesaria.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

- 2.- As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.

- 3.- Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.



4.- Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.

5.- Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6.- Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/11

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03-03-2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000062

Asunto: RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/11

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2026/11 que suma un importe total de 93.505,29 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/251	E26-8	08/01/2026	B27357391	GESTION SERVICIOS SLU	ACTIVIDADES CONCILIACIÓN TARDES NADAL	SE	338	22799	16.353,15 €
F/2026/308	26 47	31/01/2026	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU ENERO	SE	1621	22700	44.417,14 €
F/2026/546	ACHEGAXEOP2026	16/02/2026	G01628551	ASOCIACION XEOPARQUE CABO ORTEGAL	ACHEGA XEOPARQUE ANUALIDADE 2026	SE	432	46600	32.735,00 €

TOTAL 93.505,29 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 03.03.2026 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2026/11.

Visto o Decreto de Alcaldía número 133/2026 de data 03.03.2026 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, que é o prorrogado do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.



Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciábel e exerceráse polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/11 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026, que é o prorrogado do ano 2025, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 93.505,29 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 93.505,29 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000045

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 24-02-2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000045.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000647933



Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por _____ con DNI: _____ en data 23.02.2026 e nº de rexistro de entrada 20260000000526, de anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2025 e liquidación.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a



variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647933	20253515022RL01R002940					2025	71,50 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647933	20253515022RL01R002940					2025	71,50 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-



proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2021, 2022, 2023, 2024 E 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000049

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 27-02-2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2021, 2022, 2023, 2024 E 2025 E LIQUIDACION. EXP: 2026/X999/000049.

Solicitude: 202690000000231
Data: 24/02/2026
Solicitante: DEPUTACION DA CORUÑA
S/EXPT: 2020EXP35027891

ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:

Enderezo:
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647426
Exercicios: 2021, 2022, 2023, 2024, 2025

Datos ben inmoble:

Enderezo: -----
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000766740
Exercicios: 2021, 2022, 2023, 2024, 2025

Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña, Tesouraría – Servizo Recadación – Zona 5, expte. 2020EXP35027891, en data 24/02/2026 e nº de rexistro de entrada 202690000000231, de proposta de baixa ou rectificación de datos para anulación dos recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e liquidación dos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación dos recibos dos exercicios de 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo; e comunícase pola Deputación da Coruña que concorren as circunstancias para a anulación das taxas indicadas por variación do titular catastral do inmoble, e liquidación ao actual obrigado tributario ditas taxas.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5



de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para os exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (90,00%)
				PROP. (10,00%)



							PROP. (90,00%)
							PROP. (10,00%)

VII. Anulación e baja en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647426	20213515022RL01R005123					2021	61,82 €
253000647426	20223515022RL01R005148					2022	60,13 €
253000647426	20233515022RL01R000485					2023	60,76 €
253000647426	20243515022RL01R003833					2024	58,85 €
253000647426	20253515022RL01R001695					2025	49,35 €

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
25300076674 0	20213515022RL01R005124					2021	197,34 €
25300076674 0	20223515022RL01R005147					2022	191,94 €
25300076674 0	20233515022RL01R004476					2023	193,90 €
25300076674 0	20243515022RL01R002504					2024	187,81 €
25300076674 0	20253515022RL01R005192					2025	157,50 €

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:



Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
25300064742 6	20213515022RL01R005123					2021	61,82 €
25300064742 6	20223515022RL01R005148					2022	60,13 €
25300064742 6	20233515022RL01R000485					2023	60,76 €
25300064742 6	20243515022RL01R003833					2024	58,85 €
25300064742 6	20253515022RL01R001695					2025	49,35 €

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000766740	20213515022RL01R005124					2021	197,34 €
253000766740	20223515022RL01R005147					2022	191,94 €
253000766740	20233515022RL01R004476					2023	193,90 €
253000766740	20243515022RL01R002504					2024	187,81 €
253000766740	20253515022RL01R005192					2025	157,50 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. CLUB BUCEO NIF G15902000. EXPEDIENTE: 2026/G006/000064

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03-03-2026, que literalmente di:



“Expediente: 2026/G006/000064

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. CLUB BUCEO NIF G15902000

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación deportivas de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía nº 376/2025, de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada polo CLUB BUCEO NIF G15902000.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 03 de marzo de 2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 2.452,00 € na área de actividades e, tendo depositada unha garantía por importe de 735,60 €, e que tampoco xustifica os 815,00€ solicitados en investimento, tendo depositado unha garantía de 244,50 € se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 155,16€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 93,97€ na área de actividades”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada polo CLUB BUCEO NIF G15902000 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada correspondente á subvención destinada a actividades con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico) e ordenar a súa devolución por importe de 93,97€ mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía restante segundo os seguintes importes:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320250000576	SIA	01/01/2026	20510	244,50 €
320250000584	SIA	01/01/2026	20510	641,63 €

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2025. EXPEDIENTE: 2026/G006/000065



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04-03-2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000065

Asunto: APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2025.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas por decreto de Alcaldía 376/2025 de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 04 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvencións presentadas polas seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433
CEDEIRA SD	G15148802
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746
DISCALZAS SD	G70529409
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 03 de marzo de 2026 relativo á xustificación da subvencións.

Vistas as observacións de Intervención no seu informe de data 03 de marzo de 2026 relativa á xustificación da subvención concedida ao CLUB NATACIÓN CEDEIRA no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 2.436,18 € na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 730,86 €, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, 730,86 € co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 119,84€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 611,01€ na área de investimentos”.

Vistas as observacións de Intervención no seu informe de data 03 de marzo de 2026 relativa á xustificación da subvención concedida á ESCOLA KÁRATE CEDEIRA no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 1.777,34€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 533,20€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, 533,20€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 27,34€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 505,86€ na área de investimentos”.



Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar xustificación das subvencións realizadas para actividades e investimentos realizadas polas seguintes entidades nos termos sinalados nos informes de Intervención arriba mencionados:

ENTIDADE	CIF
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433
CEDEIRA SD	G15148802
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746
DISCALZAS SD	G70529409
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511

SEGUNDO. Liberar as garantías depositadas polos importes xustificados das subvención correspondente a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico) das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	GARANTÍA
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	1.835,00 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	1.706,23 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	1.405,76 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	1.534,53 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	1.191,14 €
CEDEIRA SD	G15148802	1.641,84 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	1.319,91 €
DISCALZAS SD	G70529409	960,00 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	1.170,00 €

TERCEIRO. Liberar as garantías depositadas polos importes xustificados das subvención correspondente a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico) das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	GARANTÍA
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	786,01 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	611,01 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	602,15 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	600,00 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	- €
CEDEIRA SD	G15148802	703,27 €



CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	300,00 €
DISCALZAS SD	G70529409	- €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	505,86 €

CUARTO.- Anular en contabilidade a garantía restante segundo os seguintes importes:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320250000574	SIA	01/01/2026	20510	730,86 €
320250000580	SIA	01/01/2026	20510	533,20 €

QUINTO. Ordear a súa devolución mediante transferencia bancaria a conta corrente das entidades citadas que figuran na base de datos da contabilidade municipal.

SEXTO. Notificar o presente acordo ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SÉTIMO Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL. EXPTE 2026/A006/000002

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04-03-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL. EXPTE 2026/A006/000002

Visto o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital, asinado con data 13.11.2025, que ten por obxecto “establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos”.

Considerando o interese deste Concello na adhesión ao dito Convenio.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 03.03.2026 e o informe de Intervención de data 04.03.2026.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de



Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital, que consta incorporado no expediente 2026/A006/000002.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da adhesión ao dito convenio.

TERCEIRO.- Dar traslado do Modelo de adhesión.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 126/2026 DE DATA 27.02.2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026-TR351G

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 126/2026 de data 27.02.2026, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026-TR351G

Vista a ORDEN de 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026, publicada no DOGA nº 24 o día 05/02/2026.

Resultando que a duración dos contratos e a xornada laboral segundo o artigo 4 deberá ser de 9 meses a tempo completo, debendo ser persoal contratado para tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal.

Visto que no artigo 5 da devandita Orde se establece que a contía da subvención será a necesaria para sufragar os custos salariais totais incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, cos máximos establecidos no mesmo.

Visto que no artigo 5.3 da devandita Orde se establece que non se consideran custos salariais elixibles o importe da indemnización prevista polo artigo 49º.1 c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Tendo en conta que no artigo 8.1.b) da referida Orde establececese que entre a documentación a presentar xunto coa solicitude de subvención deberase remitir certificado no que consten, entre outros, os seguintes extremos:

- La representación que desempeña la persona que firma solicitude
- A aprobación da solicitude de subvención.
- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas polo concello.
- As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial de convenio colectivo que resulte de aplicación, xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.



Visto Informe de Intervención municipal de existencia de financiamento suficiente de data 27/02/2026.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026, nos seguintes termos:

nº trab.	Grupo cotiz.	ocupación	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Indem. Fin contrato	Total custo 2 traballadores 9 meses
2	10	Peóns de limpeza de montes	3.217,8€	38,55%	1.240,46€	4.458,26€	965,34€	41.089,68€
Custos salariais totais								41.089,68€

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 128/2026 DE DATA 27.02.2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUATICOS NATURALS E INSTALACIONES ACUATICAS DESCUBERTAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 - CÓDIGO DE PROCEDIMENTO -PR460D

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 128/2026 de data 27.02.2026, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUATICOS NATURALS E INSTALACIONES ACUATICAS DESCUBERTAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 -CÓDIGO DE PROCEDIMENTO - PR460D

Vista ORDE do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (publicadas no DOGA nº 23 do 04 de febreiro de 2026)

Visto que no artigo 4.3 da devandita Orde se establece que “De prestar o servizo de vixilancia, rescate



e salvamento unha empresa externa mediante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2026. Non se subvencionarán os custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos.”

Visto que no artigo 5.2 da devandita Orde se establece que “Dentro de cada grupo, la cuantía de la subvención a cada entidad local beneficiaria se asignará de forma proporcional a la puntuación alcanzada como resultado de la aplicación de los criterios de valoración establecidos en el artículo 11 hasta agotar la consignación presupuestaria”

Visto orzamento da empresa “Letme soluciones” para 3 socorristas dende o 15 de xullo ao 15 de setembro de 2026 a xornada completa por importe de 14.995 € sen IVE e de 18.143,95€ IVE incluído.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para o exercicio do ano 2026, nos seguintes termos:

Ocupación	Total custo Ive incluído
3 Socorristas	18.143,95€

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais obrigas establecidas na Orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 134/2026 DE DATA 03.03.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERIA DE MEDIO RURAL PARA ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS NO PERÍODO 2026-2027- PROCEDEMENTO MR701E

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 134/2026 de data 03.03.2026, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERIA DE MEDIO RURAL PARA ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS NO PERÍODO 2026-2027- PROCEDEMENTO MR701E

Vista a Orden do 30 de decembro de 2025 da Consellería de Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concurrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto, código de procedemento MR701E, publicada no DOGA



número 24 de 05 de febreiro de 2026.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á participación neste plan de mellora de camiños.

Visto o proxecto coa denominación “Plan de actuacións en camiños rurais no Concello de Cedeira” cun orzamento sen IVE de 67.352,88 € e un custo de control de calidade de 895 € sen IVE.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar A solicitude de participación na convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027 ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2025 para a realización do proxecto “Plan de actuacións en camiños rurais no Concello de Cedeira” cun orzamento sen IVE de 67.352,88€ ,B.I. e Gastos Xerais incluídos e de 81.496,98€ con IVE incluído e un custo de control de calidade de 895€ sen IVE.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais obrigas establecidas na Orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 135/2026 DE DATA 04.03.2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 135/2026 de data 04.03.2026, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2026

Vista a Orde do 16 de xaneiro de 2026 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Considerando que en relación a subvención en concorrencia non competitiva establécese para este Concello a seguinte subvención, segundo o Anexo V:

Importe máximo subvención de 87.564,08 €.

Tendo en conta os investimentos para os que se solicita subvención e os gastos en relación ós custos de



persoal para gastos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural.

RESOLVO:

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2026 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, para “Actuacións de mellora e de protección do ambiente e do espazo natural” coas seguintes actuacións:

1ª.- “Rede separativa en Rúa Moeche, Concello de Cedeira”.- Esta actuación irá encamiñada á construción dunha rede separativa en Rúa Moeche, dispoñendo unha rede de pluviales e unha nova rede de saneamiento.

ORZAMENTO

Descrición	Importe
Orzamento de execución material	63.585,43€
Gastos xerais 13%	8.266,11€
Beneficio Industrial 6%	3.815,13€
SUMA	75.666,67€
21% IVA	15.890,00€
TOTAL	91.556,67€

2ª.- Contratación de persoal para gastos de funcionamento dos servizos municipais:

2 peóns ao 100% de xornada durante 3 meses (salario bruto, seguridade social e fin contrato), e 1 Técnico/a de Medio ambiente ao 100% de xornada durante 3 meses a través dunha contratación externa:

nº trab.	Grupo cotiz.	ocupación	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Indem. Fin contrato	Total custo traballador 3meses
1	10	Peón	1.608,90	38,55%	620,23	2.229,13	160,89	6.848,28€
Custos salariais totais para 2 PEÓNS 3 meses								13.696,56€
Custos salariais totais para 1 TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE 3 meses a través de contratación externa (IVE incluído)								8.530,50€
GASTOS TOTAIS DE FUNCIONAMENTO								22.227,06€

Importe total das actuacións do proxecto

113.783,73€

Terceiro.- Según o disposto no artigo 19.1.b)1 da Orde, aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”



A Xunta de Goberno local dáse por enterada.

13. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

13.1. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10. POS+2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06-03-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10. POS+2025

Nº Expediente: 2025/C003/000004

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.01.2026 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Mellora de pavimentación dos camiños 192 e outros 10”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 12.01.2026 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA PRESENTACIÓN
1	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	09/02/2026

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 11 e 24 de febreiro de 2026 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións da única empresa presentada, resultando admitida, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A oferta económica presentada é a seguinte:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	PUNTOS	Temeraria
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	112.000,00	0,45	non

3.- Comprobada a non existencia de oferta incura en presunción de anormalidade, continúaase coa lectura do contido da oferta presentada:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	% fixos	Nº mulleres	% mulleres
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	112.000,00	30	27	90 %	2	7,41 %

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas



recollidas no anexo V do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	C.I. Oferta económica	C.II.1 Persoal fixo	C.II.2 Mulleres contrato fixo	Total
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	0,45	15	3,70	19,15

5.- A oferta presentada pola empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. é válida e correcta. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

6.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Mellora de pavimentación dos camiños 192 e outros 10” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC. S.A. CIF: A15013162
Importe:	112.000,00 € + 23.520,00 € (IVE). TOTAL: 135.520,00 €

Con data 20.02.2026 a empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 5.600,00 € mediante certificado de seguro de caución núm. 40004278/00000032 da entidade aseguradora CASER Grupo Helvetia de data 11.02.2026.

Unha vez revisada esta documentación pola Mesa de contratación na súa reunión de data 24.02.2026, resulta correcta.

Con data 03.03.2026 emitíuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adjudicar o contrato de obra denominado “Mellora de pavimentación dos camiños 192 e outros 10” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC. S.A. CIF: A15013162
Importe:	112.000,00 € + 23.520,00 € (IVE). TOTAL: 135.520,00 €
Prazo de execución:	5 meses



2.- Dispoñer, pola contía de 135.520,00 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 do estado de gastos do orzamento municipal do 2026, que é o prorrogado do ano 2025.

3.- Notificar a JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A., adxudicatario da obra “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

4.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:03 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE